TROMPOS E BAILARETES

CARACTERÍSTICA PRINCIPAL:
LANZAR
XOGO CON MATERIAL:
SI

DESCRICIÓN

NOME DO XOGO:
TROMPO, PEÓN, BUXAINA, TROMPA, SEVILLANA | BAILARETE, BAILARICO...
XEITO DE XOGO:
Primeiro débese aprender a bailar a buxaina: enrolar a baraza ou piola con forza, facer unha gaza sobre o caparucho; coller o sobrante da corda cos dedos furabolos e medio, tomar o peón co ferrón cara abaixo (pódese lanzar ao revés, aínda que habería que ter enrolado a piola do outro xeito) e lanzalo desenvolvendo toda a corda cun lixeiro tirón da man cara atrás. Para facer xirar o bailarete collerase polo caparucho entre os dedos furabolos e medio e aplicarase un movemento rápido de fretamento co que se lle fará bailar con velocidade.
VARIANTES:
Unha vez controlado o lanzamento, pódense realizar prácticas máis complexas de xeito individual: bailalo na man (colléndoo do chan ou directamente no aire, no intre de ser lanzado), na unlla do polgar, no pé... Tamén usando a piola: enrolalo mentres baila, elevalo e collelo no aire, e facerlle percorrer a baraza etc. Colectivamente pódese xogar ao corro (acertarlle a outro peón, a unha moeda ou outro elemento situado dentro dun cerco pintado no chan e tentar quitalo fóra), a duración (lanzar ao mesmo tempo, e ver quen dura máis), a remudas (co peón xirando na man) etc.
MATERIAIS E ESPAZOS:
Peón ou buxaina e piola ou baraza. Tamén bailaretes.
LÉXICO ESPECÍFICO:
- **Partes do trompo ou peón**: *cota; pirucho; culitaina; capa* ou *capilla; barriga* ou *panza; cravo* ou *ferrón.*
- **Outros nomes**: *buxaina; nosella; sevillana; bailarete* (*bailarique, ballareque, bailaroca, coca*).
- **Xeitos de bailar**: *á pataca; á virulusa* (ou *culitaina*)... [ver Chirlosmirlos, Ed. Xerais de Galicia, de Antón Cortizas]

CONSIDERACIÓNS DIDÁCTICAS

FORMACIÓN DE GRUPOS:
Inicialmente individual; logo pode competirse en parellas ou pequenos grupos (3-6 xogadoras/es).
CARACTERÍSTICAS MOTORAS QUE DESENVOLVE:
FÍSICAS: non relevantes.
COORDINATIVAS: coordinación ollo-man, espacialidade, temporalidade...
ADAPTACIÓNS:
POR LIMITACIÓNS MOTORAS OU SENSORIAIS: cando hai limitacións motoras de membro superior pódese bailar co pé, dunha patada (previamente alguén ten que enrolar a piola).
RELACIÓN CON OUTRAS MATERIAS:
- Ciencias Naturais: inercia, movemento de rotación, peonza de cores (luz branca)
- Língua: vocabulario específico
- Ciencias Sociais: materiais de construcción
- Matemáticas: xeometría

OUTROS XOGOS SEMELLANTES NO MUNDO

Baldufa e *Trompitxol* (Cataluña), *Ziba* (Euskadi)
Dreidel ou *Rolera* (Israel), *Volchok* (Rusia),
Spinning Top (Gran Bretanha e EE UU),
Topac (Turquia), *Pião* (Portugal), *Sboura* (Grecia),
Trottola (Italia), *Bhamaido* (India), *Tuoluo* (China),
Toupie (Franza)...

DEPORTE GALEGO
XUNTA DE GALICIA

Deseño: ABANA EVENTOS S.L.